

## **SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2015**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás trece horas e vintecatro minutos do día 29 de outubro de 2015, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, Dona María José Martínez Vigo, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, D. José Manuel López Castro, Dona Begoña Seco Varela, Dona María Magdalena Ron Villar, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos e Dona María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

A concelleira dona Tania Díaz Seijas incorpórase no punto terceiro da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014**

O sr. Alcalde subliña que se trata dunha conta equilibrada, que está rendida e contabilizada e que recibiu o informe favorable da Comisión de Contas.

Entende o rexedor que se trata dun dato interesante para os cidadáns xa que, malia a profunda crise económica dos últimos anos, o Concello de Outeiro remata cun remanente de tesouraría de máis de 400.000 euros.

No medio desta intervención a concelleira de Foro Lugo Independiente solicita facer unha apreciación previa ó desenvolvemento da orde do día, petición á que accede o Alcalde. A Sr Concelleira manifesta que presentou un escrito a víspera no que pedía que se achegara a aprobación da acta da sesión plenaria anterior, polo que entende que esa acta debería ser entregada aos presentes. Alega a vulneración dos artigos 80.2, 80.3 e 90 do Regulamento de Réxime das EE.LL e, por este motivo, solicita a impugnación da orde do día da presente sesión e a súa declaración de nulidade e pide que esta manifestación conste na acta.

O alcalde, pola súa banda, responde que viu o escrito e engade que non é preciso ser xurista para saber que o feito de non traer a acta anterior á sesión plenaria seguinte non invalida nada polo que continúa coa análise do punto 1 da orde do día.

A este respecto sinala o rexedor que estamos diante dunhas contas claras e sometidas á legalidade máis estrita, que reflicten unha situación económica tranquilizadora, malia ser posteriores a unha época electoral na que a tendencia xeral é a de gastar en exceso.

O alcalde fai fincapé no feito de que son unhas contas froito da seriedade e responsabilidade que permiten afrontar o futuro con solvencia.

A continuación intervén o voceiro do BNG para dicir que, segundo o disposto na normativa de Facenda Local, a aprobación definitiva da conta xeral debería terse feito antes do 1 de outubro para a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas, motivo polo que esta aprobación non se axusta á lei, argumento xa expresado con anterioridade e hoxe ratificado e que xustifica o voto en contra do BNG.

Outros motivos esgrimidos polo grupo municipal do BNG para votar en contra son a excesiva previsión entre ingresos e gastos; o feito de tratarse duns orzamentos inflados, con partidas que non se executan; e o informe de Intervención segundo o cal a porcentaxe de execución do gasto é só dun 63%.

O voceiro municipal nacionalista criticou a liña de actuación do goberno do Concello que cualificou de rutinaria e carente de ilusión e mostrouse disconforme coa contía destinada a investimentos reais e coa partida orzamentaria prevista para servizos sociais, promoción social e emprego. Tamén denunciou a presión recadatoria municipal que cualificou de método equilibrador dos orzamentos.

A continuación é a quenda da representante do PSOE, que retoma os argumentos expostos en anteriores ocasións e critica que o informe de Intervención non sexa suficientemente completo. Repróchalle ó goberno municipal que as partidas continúan pendentes de execución e refírese expresamente á prevista para a urbanización A Palloza. Anuncia o seu voto en contra.

Logo desta intervención toma a palabra a representante de Lugo Novo para dicir que votarán en contra por motivos de forma e de fondo.

En canto os primeiros, a concelleira de Foro Lugo Independiente afeoulle ao grupo municipal do PP falla de rigor por estar debatendo a aprobación das contas de 2014 cando no último pleno se aprobaron as de 2015 e se tiñan que estar aprobando as de 2016. Tamén lle recriminou falta de organización, de continuidade, de harmonización e de interrelación na levanza da economía municipal.

En canto ó fondo, criticou a existencia de partidas sen executar e referiuse explicitamente á paralización do proxecto de urbanización A Palloza. Neste aspecto, tamén se referiu á existencia dun aval cuxa existencia non pode confirmar malia as súas averiguacións e dubida de que un “reflexo contable” poida substituír a dotación orzamentaria e a memoria que, ao seu entender, se precisarían para que o aval estivese correctamente contabilizado.

A continuación toma a palabra o alcalde para dicir que a contabilidade dunha Administración réxese por unhas normas claras e as partidas que van a gastos teñen que ir a ingresos tamén. No caso analizado o rexedor sostén que non se ingresou nin se gastou e que unicamente se trata dunha previsión que se pode materializar no futuro, que é perfectamente legal e que isto é unha práctica habitual en todas as Administracións.

O rexedor tamén lle recriminou á voceira de Foro Lugo que dixera que “as contas están cadradas a machete” por entender que esta manifestación cuestiona o traballo dos

funcionarios do Concello e, en concreto, o labor de funcionarios de habilitación nacional que, contrariamente á suxestión da concelleira de Foro Lugo, cumpren estritamente a legalidade xa que os orzamentos presentados son serios e rigorosos. O alcalde matizou que esta actuación axustada á legalidade reflectía o modo de traballar do Concello de Outeiro de Rei dende sempre e, xa que logo, dende moito antes da chegada de Foro Lugo á corporación municipal.

Posteriormente, o sr. Pardo Lombao dirixiuse á voceira do PSOE para indicarlle que o informe do Interventor era perfectamente claro para todos os presentes e recriminou a utilización constante de argumentos amplamente debatidos que ademáis son de dominio público, en referencia ó tema invocado pola concelleira, que de novo falou da existencia de partidas orzamentarias sen executar.

Polo que se refire ás manifestacións do grupo municipal do BNG, o sr. Pardo Lombao lembroulle ao concelleiro do grupo municipal do BNG que os motivos polos que hai partidas sen executar xa está suficientemente explicado e rebatiu o argumento nacionalista segundo o cal o orzamento municipal estaría inflado. A este respecto, o alcalde manifestou que o goberno municipal réxese sempre polos intereses dos veciños e por iso executa ou non as partidas en función dos ditos intereses.

En canto á acusación nacionalista de seguir as mesmas liñas de goberno que en anos anteriores, o alcalde invocou a claridade de ideas e de formas de xestión dos populares, que non teñen cada día unha ocorrencia nin din unha cousa en cada sitio. Apostillou o Sr. Pardo Lombao que o goberno de Outeiro evoluciona e se adapta ás necesidades dos veciños pero mantén a mesma liña de acción porque son coherentes.

O alcalde tamén se pronunciou sobre a queixa do BNG que esgrimiou que o investimento real no Concello soamente representaba un 14%, ao que o rexedor respondeu dicindo que o nivel de investimento deste Concello está á altura dos investimentos levados a cabo por gobernos de esquerdas e criticou o papel da Deputación de Lugo, cogobernada polos nacionalistas e que, en palabras do alcalde, non cumpriu coa obriga que ten de colaborar cos concellos da provincia con independencia da súa cor política.

Tamén falou o representante popular da carga impositiva municipal, para dicir que novamente este tema é comparable con calquera sistema fiscal desenvolvido por gobernos de esquerdas.

Por estes motivos o Alcalde manifesta que o seu grupo votará a favor do punto debatido.

Na segunda quenda de intervencións, a representante de Foro Lugo queixouse do que ao seu entender é unha falla de respecto cara á súa formación por parte do rexedor e invocou o enriquecemento que se obtén das diferenzas políticas. Así mesmo lembrou que detrás deles están os votos e os intereses dos veciños aos que a súa formación representa.

O voceiro do BNG suscribiu as palabras da sra. Magdalena Ron Villar, e engadiu que eles non cuestionan o traballo dos funcionarios do Concello. Polo demais e en canto ó resto de argumentos rebatidos polo alcalde, repetiu que as obras de A Palloza levan anos sen executar e polo que respecta á falla de colaboración doutras Administracións, o

concelleiro do BNG preguntoulle ao rexedor cuántas veces pedira reunións cos responsables das áreas da Deputación.

Tamén se queixou das subas que se aplicaron aos recibos da agua e o lixo, engadindo que sempre son os cidadáns os que sofren as consecuencias deste exceso de carga impositiva. Puntualizou o voceiro nacionalista que Outeiro de Rei precisa un goberno capaz, con proxectos que melloren a vida dos cidadáns. O concelleiro tamén mostrou as súas discrepancias coa existencia de remanente na tesouraría municipal e criticou o alcalde por presumir disto cando hai moitas necesidades que cubrir, entre outras, a construción dun centro de día ou completar a rede de sumidoiros nalgunha parroquia do Concello.

O alcalde manifestou que el non presume, só explica a realidade. Engade que foi o PP o que transformou completamente o Concello de Outeiro de Rei ata convertelo nun Concello punteiro moi por riba do que acontece noutros limítrofes. Repetiu o rexedor que a suba de taxas é perfectamente comparable co que se cobra polos mesmos conceptos en concellos gobernados por formacións nacionalistas e puntualiza que si solicitou a colaboración da Deputación Provincial de Lugo. Neste senso, lembrou o Sr. Pardo Lombao que, logo de recibir a visita do que por aquel entón era presidente do ente provincial, o Sr. Besteiro, este lle dixo que o chamara ao seu teléfono móbil cando quixera pero que, malia as chamadas feitas, nunca recibiu resposta do que fora presidente da Deputación. Tamén lle lembrou ao representante do BNG que el como alcalde a quen se ten que dirixir para solicitar calquera xestión por parte do organismo provincial é ao presidente e iso é o que fixo sen obter ningunha resposta.

O Sr. Pardo Lombao díxolle ao voceiro nacionalista que o que debían facer era aplicar o plan de reequilibrio desenvolvido na Deputación da Coruña, co que non se prexudican os concellos por mor da súa cor política e pediulles aos representantes do BNG que deixen de ser tan sectarios.

Polo que se refire á acusación de falla de innovación municipal feita polo BNG, o rexedor contestou dicindo que supón que a innovación da que falan é a que propón a formación nacionalista cando vota dunha maneira diferente en cada sitio sen ser quen de poñerse de acordo entre eles mesmos.

Tamén criticou o alcalde aos representantes do BNG pola posición que manteñen estes na urbanización da Palloza. Pardo Lombao deixou claro que o goberno do PP, a diferenza do que acontece co BNG, fala cos veciños e ten en conta as súas demandas e as dificultades que teñen para resolver este problema.

Logo desta intervención, o rexedor dirixiuse á voceira de Foro Lugo para lembrarlle que os veciños de Outeiro encargáranlle o goberno ao PP e iso era o que facían, gobernar e que non estaban dispostos a facer deixacións de funcións mentres os veciños lles deran a súa confianza.

Igualmente rexeitou o alcalde a acusación de falla de respecto cara ao grupo de Foro Lugo e, neste senso, reivindicou a actitude de xenerosidade do goberno municipal, que non limita o tempo de intervención nos plenos e que permite mesmo que se interrompa o sesión plenaria con propostas nada coherentes e que noutras Administracións nin lle permitirían presentar.

Subliñou o alcalde que respecta absolutamente a todos os representantes políticos da oposición e, de xeito principal, aos veciños que os apoiaron, aos que xamais discriminou. Simultaneamente indícalle á voceira de Foro Lugo que seguirá gobernando mentres os veciños así o decidan e faille saber á sra. Magdalena Ron Villar que con propostas positivas poden chegar a acordos pero se o que buscan é gobernar sen votos suficientes, non llo permitirá mentras teña a confianza dos veciños de Outeiro de Rei.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral do exercizo 2014.

Realizada a votación, a conta xeral resulta aprobada con sete votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, Foro Lugo Independiente e PSdG-PSOE.

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON DATA DE REXISTRO DE ENTRADA 19/10/2015**

O voceiro do grupo municipal do BNG escomenza a defensa da moción presentada con data de 19 de outubro de 2015, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN RELATIVA Á REGULARIZACIÓN CATASTRAL E A REVISIÓN DA ORDENANZA SOBRE O IBI

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Dirección Xeral do Catastro activou de oficio un proceso extraordinario de regularización catastral, cuxa finalidade principal é localizar aqueles inmóbeis que os seus propietarios (particulares ou empresas) non deran de alta ou non actualizaran no Catastro e, polo tanto, non tributaban por eles ou facíano de forma incompleta.

O denominado Procedemento de Regulación Catastral 2013-2016, impulsado polo Ministerio de Facenda, no caso de que existan inmóbeis e alteracións construtivas realizadas sen declarar ao Catastro, establece un proceso de regularización co pago dunha taxa de 60 euros por cada inmóbel urbano ou parcela que se inscriba.

Esta regularización, ademais do pago da taxa de 60€ por cada alta no Catastro, implicará un aumento do valor catastral do inmóbel revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base imponible de tributos como o IBI. A Administración poderá esixir calcular de novo a cota a pagar polo IBI dos últimos catro anos e reclamar a diferenza resultante cos correspondentes intereses de demora. A actualización catastral tamén pode variar a tributación futura por outros impostos: IRPF, IIVTNU, etc.

Por parte do Goberno, para encubrir que en realidade ademais dunha actualización do Catastro tamén se pon en marcha unha ferramenta para incrementar a recadación de determinados tributos, empregouse como denominación deste proceso a expresión “amnistía catastral”, argumentando para iso que, co pago desta taxa de forma voluntaria, evítase a aplicación rigorosa da normativa catastral e evítanse multas elevadas aos titulares de inmóbeis non declarados.

Ademais das repercusións tributarias futuras, a taxa lineal establecida, ao aplicarse por cada inmóbel obxecto do procedemento, implica unha desigualdade, respecto de regularizacións de maior entidade ou envergadura (caso, por exemplo, de ampliacións significativas de edificacións) con outras menores (pequenas obras de acondicionamento, anexos de edificacións sen valor residencial, etc). Isto agrávase no caso de fraccionamento da propiedade, característico de Galiza, onde as declaracións de regularización multiplícanse ao afectar a moitas parcelas de escasa dimensión, que aínda sumadas todas elas, apenas implican cambios relevantes dos bens inmóbeis inscritos no Catastro por un mesmo suxeito pasivo.

Destá maneira, incrementábase de forma inxusta a recadación da taxa de regularización catastral, posto que en determinados territorios a multiplicidade de procedementos pola división da propiedade orixinará unha recadación superior aos custes que para a administración catastral ten a xestión de ditos procesos, é dicir, xerábase probabelmente un ingreso superior pola recadación da taxa de regularización catastral ao custe efectivo da xestión administrativa dese proceso.

Para poñer en marcha este procedemento, o Boletín Oficial do Estado (BOE) do 3 de novembro de 2014, publica unha Resolución da Dirección Xeral do Catastro, na que se establece que o “procedemento para a regularización catastral” no concello de Outeiro de Rei, será de aplicación entre o 4 de novembro de 2014 e o 30 de outubro de 2015.

En aplicación da citada Resolución, moitos veciños e veciñas deste Concello están recibindo, ou recibirán nos próximos días, unha carta da Xerencia Territorial do Catastro, comunicándolles os inmóbeis que procede regularizar “por terse producido circunstancias determinantes dunha alta ou modificación, non declaradas de forma completa e correcta no prazo establecido”. Teñen 15 días de prazo para presentar as alegacións e probas que consideren oportuno. Os citados inmóbeis quedarán incorporados ao Catastro con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016.

Por último, esta actualización xeneralizada do Catastro vai supoñer un importante incremento de ingresos para o noso Concello. Isto debería conducir a revisar á baixa o tipo de gravame que se aplica por decisión municipal, a atenuar a carga fiscal que pagan os nosos veciños e veciñas a través do IBI. Por unha banda, con carácter xeral, dado que nos últimos anos –desde 2012 a 2015- por decisión do Goberno central houbo unha suba dos tipos de gravame xeneralizada imposta para todos os concellos, sendo que no ano 2016 os concellos recuperan a autonomía para fixar o tipo dentro do marco previsto do IBI na Lei de Facendas Locais. Por outra banda, dirixido a aquelas persoas que máis padecen a crise, establecendo para iso bonificacións para aquelas persoas ou familias que contan con menos recursos.

O Concello debe colaborar cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación de oficio promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para alegar contra os posibles erros na documentación ou na valoración recollidos na proposta e para reclamar, de ser o caso, a exención ou redución da taxa nos casos de pequenas modificacións que non representen un significativo incremento do valor catastral do inmóbel ou parcela regularizada.

Do mesmo xeito, nos últimos meses asistimos en case todas as parroquias do concello como a igrexa católica, dun xeito totalmente desleal e carente de toda ética,

precedía a poñer ao seu nome unha ringleira de propiedades tanto rústicas como urbanas. Hai que ter en conta que estas propiedades foran conseguidas, cando menos a maioría delas, a base de cesións e doazóns dos propios veciños. Ademais diso, incluso nestes mesmo anos, os inmóbeis foron construídos e arranxados coa aportación deses mesmos veciños e a base de cuantiosas subvención das Administracións Públicas.

Trátase simplemente da “incautación” de bens públicos por parte dunha entidade con ánimo de lucro e que responde a intereses única e exclusivamente privados, bens que foron pagados e mantidos con cartos de todas e todos. O colmo do despropósito xa radica que para máis burla da sociedade, esta entidade nin tan sequera paga os impostos correspondentes por estas propiedades ao igual que o faría calquera outra persoa ou empresa.

Por todo iso, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Ministerio de Facenda a revisar a taxa de regularización catastral, de maneira que se establezan bonificacións e deducións no seu importe nos casos seguintes:

Cando afecten a alteracións de entidade menor nos inmóbeis.

Cando o mesmo suxeito pasivo sexa obxecto de diversos expedientes de regularización catastral, de forma que ingrese dunha soa vez a taxa por todos os procesos.

2. O Concello colaborará cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para presentar as alegacións que consideren necesarias.

3. O Pleno do Concello insta ao Goberno Local a presentar unha proposta de modificación da ordenanza reguladora do IBI, para que teña vixencia en 2016, onde se revise o tipo de gravame municipal que se aplica no Imposto de Bens inmóbeis (IBI), do seguinte xeito:

Con carácter xeral, rebaixando os tipos aplicados nos últimos anos e fixándoos no máis baixo posíbel que contemple a lei para o 2016.

Que se deseñen unha serie de bonificación para a devolución, total ou parcialmente segundo os casos, do IBI naqueles casos onde os contribuíntes poidan ter dificultades económicas para o seu pago: casos de familias en situación de desemprego, familias numerosas, familias monoparentais con baixos ingresos, familias con pensións mínimas, etc.

4. Que se inicien os trámites oportunos para conseguir que a Igrexa Católica teña que pagar o Imposto de Bens Inmóbeis polas súas propiedades no concello de Outeiro de Rei ao igual que o fan o resto persoas e empresas do concello”.

O voceiro do grupo municipal do BNG lamenta que o alcalde non ten previsto cambiar nada e o Sr. Pardo corríxeo, pídelles que non interprete as súas palabras e abonda dicindo que o que el manifestou é que o equipo de goberno non vai cambiar a súa

actuación polo feito de que llo pida o BNG, agás que este grupo político os convenza de que o máis axeitado é levar a cabo o dito cambio.

Logo deste matiz intervén de novo o concelleiro do BNG para negar que eles sexan os do “non” xa que, segundo di, apoiaron varias veces propostas do equipo de goberno malia que non se pode dicir o mesmo ao revés.

Continúa falando o concelleiro nacionalista para expresar que o Ministerio de Facenda atracou os petos das clases populares coa implantación da normativa pola que hai que pagar unha taxa de 60 € por facer pequenas obras que, ademáis, van implicar unha suba do IBI para eses afectados. Por este motivo, a través da moción presentada, o BNG insta ó Ministerio de Facenda para que corrixa o “despropósito” e non haxa que pagar eses 60 € por cada unha das pequenas actuacións que fan os veciños. Engase o señor Ferreiro que se trata dunha medida pola que se compensa o que se lle baixa aos ricos cos gravames que se lle imponen ás clases máis baixas. Matiza o concelleiro que el non pide que non se paguen impostos xa que, a súa formación sempre defendeu que cómpre pagalos para ter servizos públicos pero pide racionalidade.

Tamén se queixa o voceiro do BNG de que os veciños están moi despistados neste tema e pide que o Concello artelle os mecanismos precisos para informar e asesorar aos veciños, incluso á hora de presentar as alegacións que procedan.

A continuación manifesta que, tendo en conta que hai un remanente de 400.000 € no Concello e que vai aumentar a recadación polo IBI nos próximos exercicios, que se aproveiten estas circunstancias para aplicar o tramo máis baixo posible deste imposto para as persoas en situación de necesidade.

Por último o señor Ferreiro refírese á situación da igrexa católica e pide que pague o IBI polas súas propiedades xa que non hai razón para que non contribúa ao sostemento do Estado igual que fan o resto dos cidadáns.

Antes de rematar a súa quenda de intervencións, o concelleiro nacionalista matizou que, xa que empregou un ton elevado e por se alguén se puido sentir ofendido, pide que se entenda a súa intervención en termos estritamente políticos e nunca persoais.

Intervén deseguido a representante do PSOE para dicir que xa en anteriores ocasións defenderon unha baixada o IBI rústico e do urbano. En canto á proposta do BNG relativa a que se lle esixa o pagamento do IBI aos bens da igrexa, manifestou o seu acordo. Por último tamén apoiou a proposta do BNG relativa ao ofrecemento de información aos veciños para actualizar os datos catastrais.

A concelleira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente manifesta na súa quenda de intervención que apoia totalmente a moción do BNG.

Posteriormente intervén o señor Pardo Lombao e, con respecto á moción presentada polo BNG, propón unhas modificacións:

En primeiro lugar matiza que o pagamento da taxa de 60 € non é por cada actuación, senón por parcela, de tal xeito de que en cada parcela pode haber como



máximo unha regularización rústica e outra urbana. Engade que a colaboración cos veciños é total e que xa o viñan facendo.

En canto á aplicación do IBI aos bens da igrexa católica, indica o Sr. Pardo que habería que matizar e ver a función social que desenvolve a igrexa xa que, na súa opinión, se se fixeran ben as contas, podería resultar que é o Estado o que lle debe cartos á igrexa e non ao revés. De todos os xeitos, o alcalde fai fincapé en que el non quere acabar con todo o que non comparte a nivel ideolóxico e que é partidario de respectar todas as opcións e confesións. Pola contra, pensa que outros queren liquidar todo aquilo que non comparten ideoloxicamente. Porén, manifesta o alcalde que o equipo de goberno non vai apoiar que paguen IBI os lugares de culto e, en canto ao resto das propiedades, poderíase estudialo coa finalidade de adoptar un acordo neste sentido, e faille ó BNG a suxestión de cambiar a moción neste senso se queren o apoio do PP.

Toma de novo a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG para recoñecer o avance producido neste tema na postura do goberno municipal, ao entender que non hai un rexeitamento total das teses nacionalistas e recoñece que o acontecido nos plenos serve para marcar liñas políticas malia que despois non teñan moito máis valor. Continúa o concelleiro nacionalista manifestando o seu respecto polo significado da igrexa pero non xustifica a acumulacións de bens que fixo ao longo da historia e conclúe dicindo que non ten sentido que a igrexa non pague impostos.

Retoma o voceiro do grupo municipal o tema do pagamento do IBI e propón que as familias en situación de precariedade económica non teñan que pagar o mesmo cás familias que teñen unha situación económica solvente.

O alcalde matiza que no Concello de Outeiro de Rei xa hai exencións en vigor que se aplican nos casos de persoas con poucos recursos.

Fala novamente o voceiro do grupo municipal e di que, malia que o legal sexa non aplicar máis ca unha taxa urbana e outra rústica por parcela, o certo é que a xente recibe notificacións que si inclúen máis taxas pola mesma parcela. En canto ás exencións municipais no pagamento do IBI, a formación nacionalista entende que hai casos con pensións moi pequenas que teñen que pagar este imposto, motivo polo que manteñen a moción.

Na quenda de réplica o alcalde non nega que poida haber erros nas regularizacións catastrais pero engade que a información proporcionada é a que lle fixo chegar directamente o xerente do catastro e que se hai erros é preciso presentar alegacións.

Fai un inciso o Sr. Ferreiro para dicir que malia que exista a posibilidade de recorrer, a realidade é que na maioría dos casos a xente non o fai aínda que se trate de motivos básicos e lóxicos, co cal o que se fai é incrementar a recadación do Estado e favorecer á empresa que xestiona a regularización que é allea aos intereses dos veciños e do Concello.

Pardo insiste en que as alegacións están previstas para solucionar os posibles erros que se puider producir no envío masivo de milleiros de cartas e que se deben presentar. Lembra que o Concello colabora cos veciños informándoos, asesorándoos e axudándoos a resolver as dúbidas que teñan.

Continúa o Sr. Pardo referíndose ao IBI e lémbrale ao voceiro nacionalista que xa se modificou a ordenanza municipal para baixar o IBI. Concretamente o ano pasado o Concello de Outeiro de Rei rebaixou o tramo do 6 ao 5, a diferenza do acontecido noutros concellos gobernados polos nacionalistas no que non aceptaron a proposta do PP de rebaixar o tramo ao 5.5. Por este motivo o voceiro popular pide coherencia e engade que se poderían baixar impostos se houber colaboración por parte das Administracións cogobernadas por outras forzas políticas pero o certo é que esa colaboración non existe.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que a ningún gobernante lle gusta subir impostos pero sostén que estes gravames son precisos para non rebaixar a calidade dos servizos públicos que se prestan. En canto ao remanente existente, di que procede do aforro e non do apoio prestado por outras Administracións e que a súa existencia se xustifica por estar destinada a desenvolver investimentos municipais, con cautela e baseados nunha orde de prioridades racional.

Insiste o alcalde en que dende o ano 2013 hai bonificacións no pagamento do IBI que van dende o 50 ata o 75% e das que se benefician familias numerosas ou con membros con necesidades especiais. Fai fincapé o voceiro dos populares en que cando a crise era máis virulenta, o Concello estaba moi atento, a través dos servizos sociais municipais, ás necesidades dos seus veciños para atallar as situacións de emerxencia que se puideran producir e así evitar, por exemplo, embargos ou cortes da subministración eléctrica pola falla de pagamento do IBI ou do recibo enerxético respectivamente. E subliña que estas avaliacións das situacións de emerxencia se fan a miúdo para coñecer a situación en tempo real.

Por último o alcalde ofrécele ao BNG a posibilidade de sacar adiante a moción por unanimidade se fai esas correccións, posibilidade que a formación nacionalista rexeita.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

## **2. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON DATA DE REXISTRO DE ENTRADA 23/10/2015**

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xabier Molinos Campos, escomenza a defensa da moción presentada con data de 23 de outubro de 2015, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN RELATIVA Á INTALACIÓN DE PASOS DE PEÓNS NA N-VI, AO SEU PASO POLA VILA DE OUTEIRO DE REI**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se recorremos a N-VI dende A Coruña ata Madrid, o caso da vila de Outeiro de Rei é sen dúbida un caso único por varios motivos, e non todos para sentir satisfacción. Un destes motivos de insatisfacción é sen dúbida o feito de que non exista absolutamente ningún paso de peóns polos que as persoas poidan cruzar camiñando esta estrada con certa seguridade, sendo practicamente imposible explicar como pode acontecer isto en pleno século XXI aos atónitos visitantes que se decatan da situación.

No caso da vila de Outeiro de Rei son varias as circunstancias que fan que esta ausencia das máis mínimas medidas de seguridade para os viandantes sexa aínda máis incríbel:

- Por unha banda estamos a falar dun tramo de estrada con varios cruces, sendo un deles un importante nó de comunicación da comarca e polo tanto cun tráfico moi fluído. Ademais, son varias as interseccións que comunican esta estrada co centro da vila. Esta situación provoca que practicamente en todo o tramo haxa tres carrís na estrada, dificultando moito máis a acción de cruzar a estrada a pé.

- O outro factor que fai que esta situación sexa aínda inverosímil, por non dicir xa surrealista, é o feito de que dun lado da estrada estean situados lugares con moita afluencia de persoas como son a farmacia, o centro médico, o PAC, unha residencia de maiores ou un importante e coñecido restaurante, mentres que ao outro lado se atope o maior parte das vivendas da vila, a Casa do Concello, a Casa Museo de Manuel María, a urbanización e carballeira da Santa Isabel, etc.

- Por se isto aínda fora pouco, o ano 2016 vai ser un ano moi importante para o concello de Outeiro de Rei despois da decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas ao noso poeta e veciño Manuel María. Esta circunstancia vai provocar, sen dúbida, unha moi importante afluencia de persoas á nosa vila para visitar a súa casa natal convertida en Casa Museo e para participar na nutrida variedade de actos que con seguridade se van a organizar para renderlle homenaxe, actos que se celebrarán na súa maioría arredor da súa casa natal e da carballeira da Santa Isabel.

Estas circunstancias fan que o paso de peóns dun lado ao outro da estrada sexa inevitábel e se produza de xeito continuo, a pesares de ser extremadamente perigoso. Dada a situación, faise imprescindible unha actuación inmediata para cando menos minorar as posibilidades de accidentes e de danos para as persoas.

É unha obriga de calquera Administración Pública velar pola seguridade dos seus cidadáns, así como poñer todos os medios necesarios para evitar que se produza calquera tipo de accidente. É máis, de non poñer estes medios ou non acometer as actuacións necesarias, a responsabilidade de calquera accidente, no caso de producirse, recaerá sobre as persoas que podendo actuar para evitalo, non o fixeron.

Por todo iso, e para evitar lamentacións posteriores cando xa sexa demasiado tarde, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Pleno de Outeiro de Rei insta ao Ministerio de Fomento, ou a quen corresponda, para que con toda urxencia se proceda á instalación de cando menos dous pasos de peóns, un antes e outro despois do cruce na N-VI co a estrada de Castro, pasos de peóns que irán acompañados coas sinais verticais ou horizontais que sexan necesarias para que os peóns poida atravesar esta estrada N-VI con certa seguridade.

Esta actuación podería ser modificada por calquera outra opción que suxiran os técnicos correspondentes en función das circunstancias con tal de que solucione o grave problema existente”.

Rematada a defensa da moción, intervén a representante socialista para dicir que nos anteriores programas do PSOE se propuxeron medidas para solucionar este problema e, malia compartir o espírito da moción nacionalista, entende que non abonda. Por isto propón a construción dunha pasarela con escaleiras e ascensor para adaptarse á ordenanza municipal.

Por parte da formación Foro Lugo, apóiase a moción do BNG e engádesse que se debe presentar ao Ministerio de Fomento un escrito acompañado das referencias do SigPac no que se sinalen os puntos concretos sobre os que cómpre actuar.

A concelleira de Foro Lugo engade que esta moción se xustifica pola falla de varios factores: ideas e proxectos do equipo de goberno de Outeiro de Rei, un plan de ordenación do territorio en urbanismo e infraestruturas, un plan de aproveitamento e dinamización dos recursos económicos, dotación económica para os servizos sociais e previsión en canto ás necesidades do Concello de Outeiro de Rei.

Deseguido intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, quen explica que dende o Concello se levan feito moitas xestións co Ministerio de Obras Públicas porque cre que alomenos este tramo da N-VI se debería urbanizar o antes posible. Porén, o alcalde matiza que iso non abonda xa que, na súa opinión, cómpre facer un novo cruce na estrada de Castro. En canto á proposta socialista de instalar unha pasarela e un ascensor, o señor Pardo mostra o seu escepticismo e inclínase pola vía de urbanizar como mínimo as inmediacións do cruce. Entende que os pasos de peóns non van solucionar o problema e que se precisa unha actuación máis ambiciosa que implica o acordo entre Administracións e veciños e que loxicamente debe encaixar na legalidade vixente. E esta, puntualizou Paro Lombao, é a liña que vai seguir este equipo de goberno.

Intervén de novo o concelleiro do grupo municipal do BNG para compartir a idea do alcalde, pero crítica que non se fixera nada ata agora e pide unha solución inmediata que podería mellorarse no futuro. Denuncia que a situación existente non se pode manter e esixe actuacións urxentes. A este respecto, invoca a situación de concellos limítrofes como o de Rábade.

Na quenda de réplica, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular subliña que cando se aprobou o plan urbanístico de Outeiro de Rei, Rábade xa tiña un Plan Xeral no que as alineacións estaban previstas ao pé da estrada. No momento de aprobar as zonas urbanas de Outeiro, o Ministerio de Obras Públicas, liderado por un socialista, non permitiu que se fixera a menos de 18.50 m e nin os veciños de Outeiro nin o alcalde estabamos -nin estamos- de acordo con esta norma, afirmou o rexedor municipal.

Con respecto a este tema, o sr. Pardo fixo fincapé en que o importante é acadar ese acordo cos veciños e lograr que o Ministerio ceda nas súas esixencias para levar a cabo a urbanización o antes posible. Tamén adiantou que outra idea das que barallaba o equipo de goberno era a construción dunha rotonda con pasos de peóns na N-VI e outra na estrada de Castro. Ese elemento obrigaría a reducir a velocidade, incrementar a seguridade e reducir os riscos de accidente. Porén, matizou o alcalde, esa é só unha posible solución que poderá ser matizada ou variada polos técnicos.

Seguindo co argumento exposto, o señor Pardo dixo que ían estudar en profundidade esa posibilidade e que confía en que se poida materializar o proxecto para beneficio de todos e para achegar aos cidadáns os recursos turísticos, comerciais ou administrativos que hai no Concello. Abondou no tema para poñer de manifesto que antes de rematar o presente mandato debería quedar solucionada a urbanización de, alomenos, ese tramo da N-VI e, de ser posible, o tramo completo, actuación coa que tamén se ordenaría o tráfico.

Neste intre incorpórase ao Pleno a concelleira Tania Díaz Seijas.

Á pregunta do señor Pardo, relativa á incorporación á moción nacionalista deses matices comentados polo rexedor, o representante do BNG responde que manteñen a moción tal e como foi presentada.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

#### **4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**

Dase conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión plenaria, e cuxa copia púxose a disposición dos concelleiros na Secretaría da Corporación.

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA ALCALDÍA SOBRE A IMPOSIBILIDADE DE CUBRIR O POSTO DE TESOREIRO CON UN FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL**

A solicitude do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte informe da Alcaldía:

“INFORME SOBOR A IMPOSIBILIDADE DE CUBRIR O POSTO DE TESOREIRO POR FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, informo:

Actualmente, o posto de Tesoreiro do Concello de Outeiro de Rei está a ser desempeñado por un funcionario de administración xeral con categoría de administrativo.

Coa entrada en vigor da Disposición final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a disposición transitoria séptima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, modifícase o réxime de prestación da función de tesourería, de xeito que a disposición transitoria séptima da Lei 27/2013 queda redactada nos seguintes termos:

*“2. Hasta el 31 de diciembre de 2016, salvo prórroga por la correspondiente Ley de Presupuestos Generales del Estado, excepcionalmente, cuando en las Corporaciones Locales cuya población sea inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe al Pleno, la imposibilidad de que las funciones de tesorería y recaudación sean desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ya sea con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funciones podrán ser ejercidas por funcionarios de carrera de la Diputación Provincial o entidades equivalentes, de acuerdo con lo previsto en el artículo 36 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, o cuando quede acreditado que esto no resulta posible, por funcionarios de carrera que presten servicios en la Corporación Local. En ambos casos, deberán ser funcionarios de carrera y actuarán bajo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes”.*

No caso do concello de Outeiro de Rei, o posto de Tesorero reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional non está creado e, de feito, o posto de Intervención atópase en réxime de agrupación co concello de Castro de Rei co gallo de acadar economía nos gastos de persoal.

Por outra banda, o incremento experimentado nos últimos anos da carga administrativa asociada á intervención municipal (vid. Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro, por la que se modifica la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, así como do cálculo dos costes efectivos dos servizos públicos ou de evolución de custes de persoal –ISPA-) aconsellan que, de poder asignar un incremento de dotación orzamentaria adicado ao exercizo de estas funcións, ésta deberíase dirixir á asunción do 100% da xornada de traballo do posto de Intervención, liquidando a agrupación para o sostemento en común de este posto. Esta medida tería carácter preferente á cobertura do posto de Tesoreiro, cuxo réxime administrativo de prestación apenas sufriu variacións.

Cabe afirmar, consecuentemente, que existe unha limitación orzamentaria para a creación de unha nova praza de funcionario pertencente ao grupo A1, así como unha preferencia funcional de reforzo do posto de Intervención, do que se conclúe a imposibilidade actual da cobertura do posto de Tesoreiro por un funcionario de administración local con habilitación de carácter estatal.

Polo tanto, esta función deberá ser satisfeita por persoal propio da Deputación Provincial de Lugo, no exercizo das súas funcións de asistencia aos concellos ou, no caso de que ésta non sexa capaz (a pesar da súa plantilla de disponibilidades orzamentarias) de prestar esta función de cooperación cos concellos da Provincia, deberá se desempeñado polo funcionario que o ven prestando correctamente até o momento, sempre baixo a coordinación dun funcionario A1 da Deputación Provincial.

O que se pon en coñecemento do Pleno da Corporación en aplicación da Disposición final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a disposición transitoria séptima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local.

En Outeiro de Rei, a 21 de outubro de 2015”

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, polo Secretario dase lectura aos seguintes rogos e preguntas regulamentariamente presentados:

*“ROGOS E PREGUNTAS DE ALUMBEAMENTO PÚBLICO, UN EN CONSTANTE E OUTRO EN CANDAI*

*Xbermes Gp e X Er e o Feán dez, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo.*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O alumeado público é unha necesidade básica que nun concello moderno, como o noso, debería estar cuberto na súa totalidade.*

*Tendo en conta que tódolos veciños pagan por igual os seus impostos, non debería quedar ningunha zona habitada, por pequena que sexa, sen cubrir. Ademais un bo alumeado incide directamente na seguridade dos veciños.*

*De aí que, ante a preocupación destes, transmitamos á Alcaldía o seguinte*

### *ROGO:*

*Para que desde a Alcaldía se fagan as accións necesarias para instalar un punto de luz en Constante (Silvarrei), no cruce de camiños que está diante da chamada Casa de Baldomero, onde está instalada unha caseta para a parada do transporte escolar e outro no lugar de Piñeiro, nº 3 en Candai de Arriba (Candai).*

*En Outeiro de Rei, a 19 de outubro de 2015”*

O alcalde toma a palabra para afirmar que no Concello de Outeiro de Rei instálanse puntos de luz diante de todas as vivendas nas que hai veciños empadroados no municipio

e que isto se fai cando se solicita a dita instalación. Engade o alcalde que Outeiro de Rei é un dos concellos con máis puntos de luz en función dos seus habitantes e que é un Concello moderno.

*“ROGO PARA A ELIMINACIÓN DOS FERROS QUE SOBRESAEN NO CHAN DAS BEIRARRÚAS QUE CONDUCEN AO CENTRO MÉDICO DE OUTEIRO DE REI*

*Xosé Ferreiro e Xabier Mino Cans* concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo.

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A seguridade dos cidadáns ten que ser unha preocupación constante e irrenunciábel de todas as administracións públicas e, moito máis aínda se cabe, cando falamos da Administración Local, como primeira liña da administración cos e cas cidadáns.*

*Nas beirarrúas que conducen ao centro médico sacáronse xa fai tempo unha farolas que alí estaban colocadas, supoñemos que para poñelas noutro lugar.*

*O feito é que nesta operación quedaron no propio chan das beirarrúas os ferros se suxeición destas, sobresaíndo uns centímetros so chan e provocando tropezos e caídas das persoas que por alí transitan, moitas delas de idade avanzada que se dirixen ao centro médico.*

*Sacar estes ferros deste chan é unha simple cuestión de vontade de facelo, pois tería un custe practicamente insignificante e podería ser levado a cabo polo propio persoal do concello.*

*Por todo iso, trasladamos a esa Alcaldía o seguinte*

*ROGO:*

*Que se proceda por parte do persoal do concello a eliminar das beirarrúas que conducen ao centro médico os ferros que sobresaen do chan e que están a provocar caídas de forma cotiá*

*En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2015”*

A este rogo o alcalde contesta dicindo que non se retirou ningunha farola da zona indicada e que a estrutura para o enganche non eliminou a porque a pretensión é instalar na zona novas farolas cando a situación económica o permita.

*PREGUNTA PARA COÑECER AS ACTUACIÓNS DA ALCADÍA PARA QUE REMATARAN CANTO ANTES AS OBRAS QUE ESTÁN A SUFRIR NO COLEXIO DE OUTEIRO DE REI*



*Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O curso escolar 2015-2016 comezou xa hai case dous meses. Nese momento, o colexio público de Outeiro de Rei estaba en obras e segue a estalo aínda neste momento. Tamén é unha realidade que as obras non comezaron unha vez concluído o curso escolar, senón que o fixeron varias semanas despois.*

*Ao mesmo tempo tampouco se pode negar os efectos negativos que estas obras están a provocar na vida escolar do colexio, tanto nas condicións da convivencia das nenas e nenos nos patios e áreas de lecer como na propia organización escolar. Todos sabemos os efectos que as obras teñen cando estas as sufrimos nas nosas casas, sendo moito máis graves, se cabe, cando estes efectos se producen nun espazo onde conviven nenas e nenos dunha idade entre tres e doce anos.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte pregunta:*

*PREGUNTA:*

*¿Cales foron as actuacións levadas a cabo dende o concello para que estas obras rematasen antes de comezar o curso e, unha vez que isto non se produciu, que se fixo dende esa Alcaldía para que remataran o antes posible?.*

*En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2015*

O alcalde contesta dicindo que as obras están rematadas e os alumnos nas súas aulas. Matiza o señor Pardo que as obras que fan as Administracións son máis complexas do que a el lle gustaría pero, engade, neste caso os prazos acurtáronse á metade xa que a execución que debería levar dous anos fíxose nun. Continou o señor Pardo dicindo que o propio Concello fíxo obras no centro escolar e asumiu un importante investimento para ampliar o comedor escolar e permitir así que puideran vir a Outeiro de Rei todos os nenos que quixeran.

O alcalde puxo de manifesto que esta actuación do Concello implicou un esforzo económico grande e que se fixo en plena época de crise. Subliñou que grazas a esa aposta municipal ampliouse o comedor, aumentouse o número de aulas e fixéronse oficinas de administración novas.

*“PREGUNTA PARA RESPOSTAR EN PLENO PARA O COÑECEMENTO DAS ACTUACIÓNS DA ALCADÍA PARA A RECUPERACIÓN DA CRUZ DE CANTERÍA DE MAUNFE, MARTUL*

*Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A conservación do patrimonio histórico é unha responsabilidade fundamental de todas as institucións públicas. Responsabilidade que comeza nos concellos como administracións máis próximas e continúa co resto de administracións.*

*No pasado pleno do mes de setembro, o Grupo Municipal do BNG presentou a esa Alcaldía o rogo solicitando que se fagan os trámites necesarios por parte desa Alcaldía para investigar o paradoiro dunha antiga cruz de cantería que existía nunha parede dun camiño no barrio de maunfe, parroquia de martul, procedendo logo a súa recuperación e restauración de fora o caso.*

*Pasado xa un mes da presentación dese rogo e dado que no Pleno no que se formulou o Alcalde non fixo ningún comentario sobre se ía a proceder a recuperación da devandita cruz e, ademais, sendo coñecedores do “interese” que normalmente mostra esa Alcaldía pola conservación e mantemento do noso patrimonio histórico, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte pregunta:*

*PREGUNTA:*

*- Que actuacións ou cales foron as accións realizadas por esa Alcaldía para a recuperación da devandita cruz de maunfe, na parroquia de martul?.*

*En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2015”*

O alcalde contestou dicindo que se están facendo investigación para recuperar a cruz malia que, puntualiza o señor Pardo, esta cruz non é propiedade do Concello.

*“Doña María Magdalena Ron Villar, en su condición de concejal del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente, expone:*

*Que con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el lunes día 28 de septiembre de 2015 a las 13:00hroas en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, se interesa con relación al punto número ocho del orden del día de dicho pleno, formular:*

*A) RUEGO.- A efectos de que el equipo de gobierno preste el debido asesoramiento y apoyo a los vecinos, a fin de que se proceda a la determinación y en su caso deslinde y solución de conflictos entre las propiedades privadas y propiedades de titularidad de la iglesia católica, con la realización de las gestiones pertinentes para que llegado el caso y hubiere el acuerdo preciso, el cementerio o cementerios pasen a ser de titularidad municipal o al menos sean gestionados por el Ayuntamiento”.*

O alcalde afirma que dende o Concello non van defender que os cemiterios parroquiais sexan de titularidade municipal xa que entende que nin lle gustaría aos

veciños nin sería bo para o Concello. Lembra o señor Pardo que hai un cemiterio municipal para servizo de todos os veciños que o desexen.

*B) LAS SIGUIENTES PREGUNTAS:*

*1ª- ¿Cuáles son las actuaciones realizadas y las proyectadas por el equipo de gobierno respecto a cada una de las urbanizaciones?.*

O alcalde contesta dicindo que cada urbanización ten o seu propio proxecto e que se cumpre estritamente.

*2ª- ¿Cuáles son las actuaciones realizadas y proyectadas por el equipo de gobierno respecto de la implantación de empresas y dinamización del polígono industrial?.*

O alcalde contesta dicindo que se fixeron todas as actuacións precisas para dinamizar o polígono industrial, tanto coa Xunta de Galicia como cos propietarios interados. Abonda o alcalde para dicir que tamén se fixo publicidade para dar a coñecer o polígono de Outeiro e subliñou que ningún concello da provincia foi quen de levar adiante un polígono da magnitude do de Outeiro sen contar con ningunha empresa de promoción pública de polígonos, nin da Xunta nin da Deputación Provincial de Lugo. De feito, enfatiza o señor Pardo Lombao, o Concello de Outeiro fixo ese traballo cos seus propios medios e creou un polígono industrial dos máis importantes da provincia a nivel de asentamento empresarial, feito máis relevante aínda se se ten en conta que iniciou a súa andadura en plena época de crise.

*3ª- ¿Número de trabajadores contratados por el equipo de gobierno para la prestación del servicio de ayuda en el hogar contenido en la ordenanza municipal y cuáles de estos trabajadores deben su contratación a la modificación de dicho servicio y cuál es el contenido del expediente de contratación de los nuevos trabajadores si los hubiere?.*

O alcalde puntualiza que todos os traballadores teñen contratos adaptados á legalidade vixente e matiza que as contratacións fanse en función das necesidades dos veciños. Tamén se ten en conta a dispoñibilidade horaria por parte dos servizos da Xunta de Galicia pero, basicamente este servizo préstase en función das necesidades dos usuarios que o necesiten, o demanden e estean en condicións de recibilo.

*4ª- ¿Cuál es el contenido en concreto del expediente de desafectación del tramo de camino público, quién o quienes resultaron beneficiados por dicha desafectación y cual ha sido el importe de la misma?.*

O alcade contesta diciendo que é imposible dar resposta a este requirimento xa que non é posible saber a que se refire.

*5ª- ¿Se ha tenido en cuenta por el equipo de gobierno la ubicación del centro cultural y los palcos de San Lorenzo en una parcela de titularidad privada y quién construyó el centro cultural y los palcos y si la inclusión en el inventario prevé también la inclusión del terreno sobre el que se asienta el centro cultural?.*

A este respecto o alcalde contesta dicindo que “sobre o terreo que se asenta, literalmente, si”.

A continuación, el Secretario da lectura a las restantes preguntas contenidas en el escrito presentado el día 28 de octubre de 2015 por doña María Magdalena Ron Villar:

*2ª- ¿Qué asentamientos tienen la consideración legal de urbanizaciones dentro del municipio de Outeiro de Rei?.*

O alcalde contesta dicindo que cre que na lexislación urbanística non existe o termo literal de “urbanización”.

*3ª- ¿Cuáles de estas urbanizaciones cuentan con avales?.*

O alcalde contesta dicindo que cre que ningunha necesita avais porque ou son de cooperación ou non están iniciadas as obras.

*4ª- ¿Cuáles son los planes por parte del equipo de gobierno para la regulación urbanística del entorno de la Nacional VI por su paso por Otero de Rey?.*

O alcalde contestou dicindo que esa pregunta xa se contestou.

Finalizadas e contestadas as preguntas presentadas, o alcalde expón que xa que os tres grupos presentes solicitaron a emisión dun informe por parte do secretario, parécelle que o máis acaído é ler o dito informe ademais de entregarllo en papel a cada un dos solicitantes, motivo polo cal o Alcalde ordea ao Secretario da Corporación que de lectura, en viva voz, dos informes solicitados polos concelleiros da oposición.

O Secretario da lectura a ditos informes, do seguinte teor literal:

*“José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoñe*

*Con data de 20 de outubro, cinco concelleiros asinaron e presentaron perante o rexistro municipal solicitude de informe sobor a adecuación a dereito da inclusión no inventario municipal do centro sociocultural de San Lorenzo así coma da desafectación do tramo de camiño público en Caboi (aprobadas na sesión plenaria de setembro do presente ano), así coma a adecuación a dereito das recentes contratacións efectuadas polo concello (non especifica cáles).*

*Os cinco concelleiros asinantes representan unha porcentaxe superior ao terzo do número de membros da corporación.*

*Non obstante, as cuestión plantexadas versan sobor asuntos que non van a tratarse en futuras sesións plenarias, senón que versan sobor o punto concreto da orde do día dunha sesión plenaria xa celebrada, ou sobor actuacións de contratación non especificadas pero xa perfeccionadas.*

*O artigo 54.1.a) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,*

*cando regula a emisión de informes preceptivos polo Secretario da Corporación, establece:*

*“1. Será necesario el informe previo del Secretario, y, además, en su caso, del Interventor o de quienes legalmente les sustituyan, para la adopción de los siguientes acuerdos:*

*a) En aquellos supuestos en que así lo ordene el Presidente de la Corporación o cuando lo solicite un tercio de sus miembros con antelación suficiente a la celebración de la sesión en que hubieren de tratarse”.*

*De esta regulación dedúcese que o informe solicitado é un informe de asesoramento previo á adopción dun acordo, que ten coma finalidade o completar o expediente sometido ao Pleno da corporación mediante o estudo xurídico da proposta por un órgano específico.*

*Pero na solicitude presentada non se pretende a adopción de este informe previo á adopción do acordo, senón que se solicita a emisión dun informe que verse sobor a legalidade dun acordo xa adoptado, polo que non entra dentro do suposto regulado no artigo 54 ) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non sendo, consecuentemente, a súa emisión preceptiva.*

*Por todo o cal, esta Secretaría non se atopa legalmente habilitada para a emisión do informe solicitado.*

*En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2015”*

*“José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño os seguintes*

#### *Antecedentes de feito*

*Con data de 20 de outubro, cinco concelleiros asinaron e presentaron perante o rexistro municipal solicitude de informe sobor as seguintes cuestións:*

*- “Os dereitos que os grupos da oposición teñen a que se lles envíen as actas da comisión de goberno, así como os prazos que existen para realizar tal acción.*

*- A obrigaón do Alcalde de dar conta en cada Pleno Ordinario das resolucións que tiveran adoptado desde a última sesión ordinaria do Pleno da Corporación.*

*- As accións legais que se poderían emprender contra o Alcalde pola súa negativa a dar conta nos plenos das resolucións, a pesares de seren solicitado por escrito, así como sobre o feito de non ter enviado en ningún momento as actas das comisións de goberno aos grupos da oposición.*

- *A responsabilidade legal que tería o Alcalde no caso de persistir na súa negativa a cumprir co indicado pola lei en canto á dación de conta das resolucións e envío de actas da comisión de goberno, así coma o procedemento para a esixencia desas responsabilidades”.*

*No seu encabezamento sinálase correctamente a preceptividade na emisión do informe, baseándose no artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Os cinco concelleiros asinantes representan unha porcentaxe superior ao terzo do número de membros da corporación, polo que esta Secretaría está legalmente obrigada a emisión de informe acerca das cuestións plantexadas.*

*O prazo legal para a emisión de informe é de dez días hábiles (art. 83.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro) .O informe terá carácter non vinculante (artigo 83.1).*

*Dende estas premisas emito o seguinte*

### *INFORME DE SECRETARÍA*

*No presente informe se respostarán as cuestións plantexadas polos concelleiros solicitantes pola orde do seu plantexamento.*

*1.- Os dereitos que os grupos da oposición teñen a que se lles envíen as actas da comisión de goberno, así como os prazos que existen para realizar tal acción.*

*A primeira das cuestións plantexadas atopa a súa resposta no artigo 113.1.b) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, que literalmente di:*

*“Las sesiones de la Comisión de Gobierno no serán públicas, sin perjuicio de la publicidad y comunicación a las Administraciones Estatal y Autonómica de los acuerdos adoptados. Además, en el plazo de diez días deberá enviarse a todos los miembros de la Corporación copia del acta”.*

*Polo tanto, existe o dereito dos concelleiros a recibir copia das actas das sesións das Xuntas de Goberno no prazo de dez días dende a súa celebración.*

*2.- A obrigação do Alcalde de dar conta en cada Pleno Ordinario das resolucións que tiveran adoptado desde a última sesión ordinaria do Pleno da Corporación.*

*O artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, establece:*

*El Alcalde dará cuenta sucinta a la Corporación, en cada sesión ordinaria del Pleno, de las resoluciones que hubiere adoptado desde la última sesión plenaria ordinaria para que los Concejales conozcan el desarrollo de la administración municipal a los efectos del control y fiscalización de los órganos de gobierno, previstos en el artículo 22.2.a) de la Ley 7/1985, de 2 de abril.*

*Consecuentemente, o Alcalde ten a obriga de dar conta en cada Pleno ordinario das resolución que tivera adoptado dende a última sesión ordinaria.*

*3.- As accións legais que se poderían emprender contra o Alcalde pola súa negativa a dar conta nos plenos das resolución, a pesares de seren solicitado por escrito, así como sobre o feito de non ter enviado en ningún momento as actas da comisión de goberno aos grupos da oposición.*

*No suposto hipotético de que, pese a solicitude por escrito, o Alcalde non dese conta dos decretos ou non remitise copia das actas da xunta de goberno, os concelleiros poderían exercer a acción contencioso-administrativa por inactividade da Administración.*

*Por outra banda, en tanto o acceso á información forma parte do núcleo esencial do dereito fundamental de participación política (art. 23 CE), dita inactividade vulneraría un dereito fundamental susceptible de amparo constitucional, polo que podería acudir ao procedemento especial de protección de dereitos fundamentais de la persoa, regulado no artigo 114 e seguintes da Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa, ou ben a través do procedemento ordinario.*

*4.- A responsabilidade legal que tería o Alcalde no caso de persistir na súa negativa a cumprir co indicado pola lei en canto á dación de conta das resolucións e envío de actas da comisión de goberno, así coma o procedemento para a esixencia das responsabilidades*

*A hipótese plantexada na solicitude de informe adolece de datos suficientes como para dar unha resposta concluínte.*

*En efecto, dependendo da culpa ou intencionalidade, así coma da concorrencia ou non de circunstancias xustificativas da omisión do cumprimento da obriga de dación de conta, así coma da vulneración ou non do ben xurídico protexido, a resposta pode ser unha ou outra.*

*De feito, se o Alcalde non soamente non dera cumprimento á obriga de dación de conta das resolucións e da remisión das actas da comisión de goberno, senón que tampouco permitise o seu acceso cando este fose solicitado e non figurase ningunha circunstancia xustificativa de esta denegación ou omisión a pesares de que existir solicitudes por escrito en este sentido, podería afirmarse a existencia de responsabilidade penal prevista no artigo 404 do código penal, en relación co artigo 11 do mesmo texto legal.*

*Non obstante, cabe advertir que esta responsabilidade deriva da comisión dun resultado antixurídico, polo que non xurde automaticamente da omisión da actuación de remisión ou dación de contas, xa que se a pesares de esta omisión, os concelleiros tiveran acceso a dita información por outros medios (coma a solicitude de acceso), non xurdiría dita responsabilidade.*

*En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2015''*

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as quince horas e vintedous minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta.

Asdo.: O Secretario

VºBº; O Alcalde